

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE MARZO DE 2019

1. Licitación do contrato de “**Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde e C. Social Maiores**”. Expediente Admnón Electrónica/Gestiona: [nº 2403/2018](#)
2. Licitación do contrato de “**Mellora de Camiños Municipais 2019**”. Expediente Admnón Electrónica/Gestiona: [nº 2531/2018](#)

MEMBROS MESA CONTRATACION:

1. *Klaus Brey Montaña, en substitución do Alcalde Manuel Cuiña Fernández, que actua como presidente.*
2. *David Garcia Lareo (Secretario accidental, que da fe, en substitución de M. Quintans por xubilación).*
3. *Leopoldo Moure Dopico, Interventor.*
4. *Juan Carlos Peteiro Rodriguez, Técnico Xestión, que se excusa*
5. *Lino M. Doportto Framil, Arquitecto.*

A reunión ten por obxecto resolver a puntuación sobre as ofertas consideradas desproporcionadas na reunión do 28 de Febreiro -**NARON S.L** e **MARCONSA S.L.**-, na que se acordou:

*Obra: “**Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde**”. De acordo co disposto na cláusula décimo terceira do Prego, se considera que a plica de **NARON S.L.** está incurso en presunción de anormalidade segundo os criterios sinalados no art. 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos e 149.4 da Lei de Contratos do Sector Público, polo que **se lle concede un prazo de 5 días** para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permitan executar dita oferta nesas condicións -servindo coma medio de notificación a publicación no Perfil do Contratante da paxina Web e no da administración electrónica/Gestiona-, que **remata o venres 8 de Marzo as 1400 horas**.*

*Obra: “**Mellora de Camiños Municipais 2019**”. De acordo co disposto na cláusula décimo terceira do Prego, se considera que a plica de **MARCONSA S.L.** está incurso en presunción de anormalidade segundo os criterios sinalados no art. 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos e 149.4 da Lei de Contratos do Sector Público, polo que **se lle concede un prazo de 5 días** para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permitan executar dita oferta nesas condicións -servindo coma medio de notificación publicación no Perfil do Contratante da paxina Web e no da administración electrónica/Gestiona-, que **remata o venres 8 de Marzo as 1400 horas**.*

VISTO que **NARON S.L** non presentou xustificación da baixa no prazo de 5 días concedido, e tendo en conta que se da a circunstancia de que, aínda sumando a máxima puntuación, 10 puntos, nunca superaría a outras plicas con maior puntuación, por unanimidade, se acorda aprobar a seguinte valoración:

A. Obra de “**Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde**”

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
	Tipo licitación 411.893,95 + IVE	(10 puntos)	(50 puntos)	(40 puntos)	
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	364.279,01 €	5,78	40	40	85,78
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	377.678,65 €	4,15	14,50	40	58,65
Narom, S.L.	315.387,20 €	Baixa temeraria	36	40	
Construcciones Caldevergazo, S.L.	358.512,40 €	6,48	41	40	87,48
Construcciones Taboada y Ramos, S.L.	364.938,00 €	5,70	45	40	90,70
Obras, Reformas y Saneamientos, S.L. (ORESAS)	362.054,78 €	6,05	35	40	81,05
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)	388.092,07 €	2,89	42	40	84,89

B. Obra de "Mellora de Camiños Municipais 2019".

VISTO que **MARCONSA S.L** presentou xustificación sobre a baixa no prazo concedido, e tendo en conta que se limita a soste que se compromete a facer a obra nese prezo, pero sen aportar motivacións e razoamentos ao respecto, cos correspondentes elementos técnicos que a posibilitarían, para que puideran ser confrontados polos servizos municipais, polo cal se fai imposible valorar tal posibilidade de execución coa baixa ofertada, e a consecuente puntuación, que e do que se trata neste trámite especificamente, razón pola cal a Mesa acorda:

- Considerar a inadmisibilidade da xustificación presentada por MARCONSA sobre a baixa desproporcionada, que, en todo caso, aínda que se sumaran os 10 puntos (77,50 + 10 =87,50), non superaría a mellor oferta (88,53).
- aprobar a seguinte valoración:

	Oferta económica.	Oferta económica sobre B	Proxecto Técnico do Servizo	Melloras	TOTAL
	Tipo licitación 404.431,03 + IVE	(10 puntos)	(50 puntos)	(40 puntos)	
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	352.825,69 €	6,38	41	40	87,38
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	395.129,11 €	1,15	12	17	30,15
Construcciones Rafer, S.L.	351.855,00 €	6,50	43,50	40	90,00
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (Marconsa)	300.025,68 €	Baixa temeraria		40	

VISTO canto antecede, por asentimento de tódolos presentes, a **MESA ACORDA**:

A. **“Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde”.**

UNICO: Propoñer a Xunta Goberno Local a adxudicación das obras de: **“Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde** a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, de acordo co Prego e lexislación aplicable, polo prezo de **364.938,00 €** ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **76.636,98** euros, o que supón un total de **441.574,98** euros, incluíndo as melloras que constan na súa oferta.

B. Obra de **“Mellora de Camiños Municipais 2019”.**

UNICO: Propoñer a Xunta Goberno Local a adxudicación das obras de: **“Mellora Seguridade Vial entorno Centro Saúde** a empresa **CONSTRUCCIONES RAFER, S.L.**, de acordo co Prego e lexislación aplicable, polo prezo de **351.855,00 € (+ IVE)**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **73.889,55** euros, o que supón un total de **425.744,55** euros, incluíndo as melloras que constan na súa oferta.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión as 11:30 horas do **doce de Marzo (12) de 2019**, do que, eu, o Secretario acctal., dou fe.

Secretario Accidental
Documento asinado letrónicamente
David Garcia Lareo